



O Concello aproba os orzamentos de 2017, que ascenden a 6,15 millóns de euros

O pleno municipal de Oroso aprobou o orzamento municipal para 2017, que ascende a 6.154.426,92 euros e contempla máis de 1,76 millóns de euros en investimentos reais. Unhas contas que foron aprobadas polos 8 votos a favor de PSOE e BNG, as 4 abstencións do PP e o voto en contra de Anova. O alcalde Manuel Mirás destacou dos orzamentos para 2017 "a súa capacidade inversora, que representa o 28,66%, e a importante diferenza entre os ingresos e os gastos correntes, que ascende a 514.228 euros, o que garante a autonomía financeira do Concello de Oroso".

Ademais, Mirás lamentou "que o Goberno non cambie a lei nos nos permita investir o aforro acadado o ano pasado, que anda cerca dos 600.000 euros e que nos permitirían facer moitas obras que nos demanda a veciñanza". Entre os investimentos previstos para 2017 destacan as achegas destinadas a infraestruturas, deportes e ensino.



O Concello construírá un novo campo de fútbol municipal por 470.000 euros

1- Deportes. O Concello destinará máis de 700.000 euros a mellorar as súas infraestruturas deportivas, das que máis do 50% se investirá a dous dos proxectos máis demandados pola cidadanía: a construción do novo campo de fútbol municipal (470.765 euros) e a ampliación da piscina municipal (99.439 euros). Tamén se contempla unha achega de máis de 46.000 euros para mellorar o alumeadado dos campos de fútbol de Sigüeiro e Deixebre, onde tamén se instalará unha rede de rego.

2- Ensino. O Concello tamén reserva unha importante achega para melloras nos centros educativos do municipio por máis



O Concello investirá case 100.00 euros na ampliación da piscina municipal

de 110.000 euros. Ao agardado paso cuberto do CEIP de Sigüeiro, unirase este ano o peche da pista polideportiva do novo CEIP do Camiño Inglés como obras máis significativas.

3- Infraestruturas. A achega máis elevada destinarase á mellora da rede viaria municipal, xa que o Concello vai investir 328.659 euros nun proxecto de mellora da rede viaria nos lugares de Piñeiro e a Costa - Zan (Trasmonte), Valverde-Berdomás (Vilarrumarís), Piñeirón-Porto Avieira, Piñeirón-A Falmega, Rúa Celso Emilio Ferreiro e A Igrexa-Porto Avieira (A Gándara) e Mixoi-Castiñeiro Redondo (Calvente). Así mesmo, o Concello destinará os

164.512,23 euros do Plan Complementario da Deputación á mellora da rede viaria nos lugares de Oroso de Abaixo (A Gándara) e A Igrexa (Deixebre).

A segunda achega máis cuantiosa é a destinada á reurbanización de tres rúas en Sigüeiro: Tras da Torre (169.481 euros), Camiño do Refuxio (125.768 euros) e rúa do Barreiro (70.299 euros). A estes proxectos hai que sumar a reposición da sinalización horizontal nas principais estradas rurais do municipio, a ampliación do alumeadado público na Estación de Oroso, Alto de Vilanova e Vilalbarro, así como o cambio de pavimento do parque infantil do Carboeiro, entre outros.





O pleno municipal aprobou a proposta por unanimidade

Oroso pídelle á Xunta que garanta os profesores precisos para un ensino de calidade



O pleno municipal aprobou por unanimidade unha moción do PSOE para instar á Consellería de Educación a ter en conta as características poboacionais de Oroso e incorporar os profesores que sexan necesarios para garantir un ensino de calidade no municipio. A concelleira de Ensino, Beatriz Rodeiro, explicou que os dous colexios teñen as mesmas peticións de ingresos para o próximo curso pero que "mentres no Camiño Inglés van estar ao 50% da capacidade, no CEIP de Sigüeiro van estar outra vez saturados", polo que instou á Xunta "a crear o número de liñas que sexan necesarias para garantir unha calidade óptima do ensino". Rodeiro asegurou que "o único que pedimos é que nos dous colexios existan as liñas que sexan necesarias", unha petición que compartiron todos os grupos municipais.



Oroso volve ser pioneiro en ofrecer novos servizos de administración electrónica

Oroso segue sendo pioneiro na comarca á hora de implantar novos servizos de administración electrónica. Despois de ser o primeiro municipio das comarcas de Ordes e Santiago en poñer en marcha a súa sé electrónica, agora o Concello de Oroso é un dos sete primeiros municipios da provincia en adherirse ao Sistema de Interconexión de Rexistros, unha plataforma que permite enviar e recibir documentos dende as oficinas de rexistro municipais a calquera órgano do Estado, de forma segura e con conformidade legal. Unha medida que aporta un triplo beneficio: Económico, xa que elimina os custos de manipulación e envío de papeis grazas á xeración de copias electrónicas autenticadas da documentación presentada polos veciños e veciñas nos Rexistros; Medioambiental, derivado do anterior xa que se reduce o consumo de papel e tinta; e de Redución da burocracia, pois fai a xestión máis áxil e segura para o cidadán.

Abertas as inscricións nas garderías Ulloa e Chousa Nova



Ata o 10 de abril estará aberto o prazo de presentación de solicitudes de **inscrición** nas escolas infantís Ulloa (no Rexistro do Concello) e Chousa Nova (na gardería). As listas de admitidos sairán o 9 de maio e do 10 ao 20 de maio poderanse presentar alegacións. As listas definitivas sairán o 30 de maio e do 1 ao 12 de xuño procederase a formalizar as matrículas. Máis información nas propias escolas infantís.

As charlas "Primavera no Camiño Inglés" chegan a Oroso



A Deputación lanza a campaña "Primavera no Camiño Inglés" para promover a afluencia de visitantes a esta Ruta Xacobeá. Trátase dun ciclo de conferencias impartido polo xornalista Cristóbal Ramírez, acompañado por Alfredo Erias, Andrés Pena e Ramón Boga. A cita en Oroso será o venres 28, ás 20:00 h.

SIGÜEIRO
Festa da
XUVENTUDE na
Alameda de Góis
Jueves 13 Abril

PARIS DE NOIA & CINEMA
amplia CARPA
Organiza: **OROSO**

MERCA NA VILA E AFORRA

VALES DESCONTO

Coas túas compras nas tendas de

Sigüeiro Vende

*Participan:

CONFECIONERÍA PRIMITIVA, ZAPATERÍA RIAL, POTOS SILVA, CHARRA, CALZADOS XULI PETREGÓN, AS BERRIÑAS, ZOCUDA, XIVE, EL ROPEIRO DE MALET, HERBOLARIO A CASA VERDE, LA BELLOTA, ENSOÑAS, MI VESTIDOR AZUL, SANMAR ESTALEIRO, A TENDA DE SOLEDAD, CRUZ NENOS, EQUIPUT

DÍA DAS PERSOAS MAIORES
22 DE ABRIL

PUNTO DE RECOLLIDA DE INVITACIÓNS
NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS: RUA DO DEPORTE, BAIXO SIGÜEIRO | TEL.FNO: 981669050
PRAZO: DENCHE O 4 ATA O 12 DE ABRIL, AMBOS OS DÍAS INCLUSIVE
HORARIO: 9:30H A 13:30H

Organiza: **OROSO**



O Concello de Oroso convoca a V Carreira Pedestre, que terá lugar na tarde do 29 de abril

O Concello de Oroso abre o prazo de inscrición na quinta edición da Carreira Pedestre "Concello de Oroso", que terá lugar o sábado 29 de abril a partir das 17:30 horas. Unha proba organizada polo Concello en colaboración coa Deputación da Coruña, Supermercados Familia, Equip@-T e Federación Galega de Atletismo. Nesta carreira pedestre poderán participar todas as persoas que o desexen. As inscricións pódense formalizar a través das páxinas web www.carreirasgalegas.com ou www.fgatletismo.es/santiago. As inscricións nas categorías escolares (de pitufo a xuvenil, é dicir, nados no 2000 e posteriores) son totalmente de balde, mentres que na proba absoluta a cota de inscrición é de 5 euros. Non se admitirán anotacións fóra do prazo indicado nin o propio día da carreira. Todas as probas terán saída e chegada na rúa Camiño Inglés de Sigüeiro (a carón da Casa do Concello) e o circuito correspondente a cada proba estará debidamente sinalizado. O alcalde Manuel Mirás fará entrega dos premios aos gañadores a partir das 20:30 horas.

CATEGORÍA	ANO DE NACIMENTO	HOMIA	DISTANCIAS
Infancia	Nados entre 1977 e 1989	17:30 h	10.000 m
Infancia A	Nados entre 1990 e 1999	17:30 h	10.000 m
Infancia B	Nados entre 2000 e 2009	17:30 h	10.000 m
Infancia C	Nados entre 2010 e 2019	17:30 h	10.000 m
Infancia D	Nados entre 2020 e 2029	17:30 h	10.000 m
Infancia E	Nados en 2030 e posteriores	17:30 h	10.000 m
Infancia F	Nados en 2012 e posteriores	18:00 h	5.000 m
Prebenxina	Nados en 2010-2011	18:00 h	200 m
Bambalá	2000-2009	18:00 h	1000 m
Adega	2000-2007	18:00 h	1000 m
Infantil	2000-2009	18:30 h	2000 m
Infantil	2000-2009	18:30 h	2000 m
Adega	2000-2007	18:30 h	1000 m
Adega	2000-2007	18:30 h	1000 m

Aberto o prazo de inscrición no programa de conciliación para a Semana Santa: Easter Camp 2017



O Concello de Oroso e a Escola ConTalento veñen de convocar o tradicional programa de conciliación familiar para as vacacións escolares da Semana Santa. Nesta ocasión, o programa desenvolverase os días 10, 11, 12 e 17 de abril e inclúe excursións, obradoiro de cupcakes, ciencia divertida, xogos, inglés, arte e deportes. O servizo, dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos, estará aberto de 7:30 a 15:30, aínda que hai posibilidade doutros horarios para adaptarse ás necesidades concretas de cada familia. O prezo polos catro días será de 25 euros (de 9:00 a 14:00 horas), con posibilidade de días soltos por 7 euros. Posibilidade de servizo de almorzo (2 euros), xantar (5 euros) e merenda (3 euros). Inscricións en oroso@escuelacontalento.es ou chamando aos teléfonos 881 981 905 ou 604 002 616.



FOI NOTICIA...



Sara Gacio Cendal, do Club de Taekwondo Boudsport, conseguiu a medalla de bronce no XV Open Internacional de España disputado en Alacante. Gacio logrou a súa medalla no seu debut na categoría junior de menos de 55 kg, repetindo o éxito acadado en decembro.



O Club Tambre Bike vén de presentar a súa nova sección de **atletismo**, que nace cuns 15 atletas. Tras o éxito do II Memorial Fernando Abad, agora traballan da Ruta da Troita e no I Trofeo Concello de Oroso de XC Rallie, puntuable para o campionato galego de BTT.



A falta de dúas xornadas para acabar, os rapaces do Aleví B da ED Xuventude Oroso proclamáronse campións de Liga, gañando todos os partidos disputados ata o momento. Culminan así unha gran tempada, que comezaron gañándolle o Open de Góis ao Benfica.



Oroso conmemora o Día da Muller cun variado elenco de actividades para todas as idades

O Concello conmemorou o Día da Muller por partida cuádruple: cun espectáculo de monicreques pola igualdade, un obradoiro para o IES, un curso de defensa persoal e dúas exposicións de **fotografía**.



Os rapaces e rapazas da Escola Infantil "A Ulloa" realizaron a súa tradicional plantación de árbores, que tivo lugar no parque do Portiño. Plantaron árbores autóctonas canda unha etiqueta co seu nome, para seguir o crecemento da árbore.



A **Deputación** achega 6.000€ para apoiar a actividade do club de tenis de mesa Espedregada de Oroso, único equipo galego que militou na Superdivisión canda o Arteal. Á sinatura do convenio, feita por Valeri Malov, asistiron os concelleiros Antonio Leira e Luís Rey.



Unha delegación de **Tui**, encabezada polo seu alcalde Enrique Cabaleiro, visitou Oroso para intercambiar experiencias sobre a recuperación, sinalización e promoción dos seus Camiños Xacobeos. Mirás di que así "estamos facendo máis grandes ambos Camiños".



A **Vía Verde**, proxecto presentado por Oroso en 2004 para conectar o noso municipio con Santiago a través dun itinerario de sendeirismo e cicloturismo polos camiños de ferro en desuso, segue a medrar. Primeiro, ata Cerceda. Agora vén de recibir o apoio da Deputación